

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O
DÍA 29 DE MAIO DE 2008.**

<u>Sres. Asistentes.</u> <u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo <u>Sres. Concelleiros:</u> D. José Juan Vilasanchez Pazos D ^a María Victoria Montenegro Paz. D ^a Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D. María Mercedes Grande Regueiro. D. Fernando Otero Prieto. D. Manuel Rodríguez Doval. D ^a María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández. <u>Non asiste con excusa:</u> D ^a Josefina Martínez Martínez <u>Sr. Secretario.:</u> D.Manuel Larrosa Rodríguez.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e oito minutos do día vintenove de maio de dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.
---	--

**PUNTO NUM 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN
CELEBRADA O DÍA 24 DE ABRIL DE 2008.-**

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación a acta da Sesión Ordinaria celebrada polo Concello Pleno o día 24 de Abril de 2008.

**PUNTO NÚM. 2.- DAR CONTA TESTIMONIO SENTENCIA DO TRIBUNAL
SUPREMO 14-11-2008 “PXOM”.**

Dada conta do Testimonio da Sentencia do Tribunal Supremo do 14-11-2008 “PXOM” no que se emite o seguinte **FALLO:**

“**FALLAMOS:** Estimamos el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la Asociación de Veciños Por-Urbanismo de Ares contra el Acuerdo de 26-03-99 del Ayuntamiento de por el que se dio aprobación definitiva al Plan General de Ordenación Municipal y anulamos dicho acto por ser contrario a derecho. No se hace imposición de costas.”

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 3.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE 29-04-08 “CLAUSURA CAUTELAR ESTACION TELEFONIA AMENA-FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A.”.

Dada conta da Sentencia do Xulgado Contencioso-Administrativo Núm. 1 de Ferrol de data 29-04-08, relativa a “Clausura Cautelar Estación Telefonía Amena-France Telecom España S.A, na que se emite o seguinte **FALLO**:

“DESESTIMO EL RECURSO contencioso-administrativo interpuesto por la procuradora doña Carmen Corte Romero, en nombre y representación de la entidad “FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A.” En relación con la desestimación por silencio del AYUNTAMIENTO DE ARES del recurso de reposición interpuesto por France Telecom España S.A., contra el decreto del Ayuntamiento de Ares de fecha 11 de enero de 2007 por el que se acordó “Primero.- Clausurar como medida cautelar a estación de telefonía AMENA-France Telecom España S.A, sita na finca Cova Bimbeiro, lugar de Loureiros (...) Terceiro. Advertir ó interesado, que caso de incumplimento, procederáse ó precintado do local, asemade como a exerce-la correspondente acción diante dos Tribunais competentes ó abeiro do artigo 556 do Código Pena (...)” **Y DECLARO QUE EL ACTO ADMINISTRATIVO ES CONFORME A DERECHO** sin imposición de costas.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que quere dar conta de como sucederon os feitos. A empresa colocou a antena, houbo unhas protestas por parte dos veciños, eu non tiña coñecemento deste feito por parte do responsable político desta area naquel entonces, cando viñeron varias persoas a falar deste tema connigo o que fixen en cinco minutos foi clausurar eso, e para min é motivo de alegría que gañamos e que foi axustada a dereito a decisión que tomamos naquel entonces.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 4.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA “SUBVENCIONS SERVICIOS SOCIAIS CORPORACIONES LOCAIS”.

Dada conta da Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 24 de abril de 2008, do seguinte teor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Vista a convocatoria de axudas, publicada no DOGA do 28 de marzo do 2008, para **“subvencions destinadas á prestación de servicios sociais polas corporaciones locais”** e tendo en conta as atribucións que me confire ó art. 21 da Lei 57/2003 do 16 de decembro de 2003 e a Lei 11/99 do 21 de abril, de modificación da Lei 7/85 de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente,

VEÑO EN RESOLVER.

PRIMEIRO.- Solicitar as “subvencions destinadas á prestación de servizos sociais polas Corporaciones Locais”.

SEGUNDO.- Remitir certificación deste acordo a Secretaría Xeral do Benestar, da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- Dar conta o Pleno na próxima sesión que se celebre.

Así o acordo e dispón o Sr. Alcalde Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en Ares a vinte e catro de abril de dous mil oitocentos, que eu Secretario du fe.”

Interven a Sra. Abeal Pérez, manifestando que pide hoxe por primeira vez a palabra dende que foi elixida como Concelleira, sinalando que este tema tería que ser levado a Comisión Informativa de Muller, Infancia Xuventude e Servizos Sociais, que é unha das Comisións nas que eu son responsable polo BNG, e sendo un tema tan importante para esta Comisión nin siquera se presentou nela, foi levada directamente á Xunta de Portavoces, no BNG pensamos que mentres se trámite e se confecciona a solicitude de subvención o tema tería que tratarse por todos os grupos políticos, para que fixeramos as nosas propostas, as nosas valoracións, sobre todo de como funcionan os servizos sociais, creo que para eso están as Comisións. Aínda que nos parece que a proposta que foi remitida ten unha notable milloría con respecto ós anos anteriores, nos seguro que tiñamos algun programa máis para poder incluír. Na proposta que leva o Concello hai catro programas incluídos, e nun deles, é o transporte adaptado para persoas con discapacidade, este e un programa que xa foi posto en marcha hai uns meses e o cal tivo certa aceptación, e cando se dixo en comisión que se ía rematar, e logo poñelo en marcha novamente, nos pedimos que non se rematara tan bruscamente posto que había moita xente a quen lle servía de gran axuda este programa, o que si pedimos e que se volve a iniciarse ten que haber unha valoración de dito servizo, sobre estes catro meses que estivo en funcionamento, subsanando todos os erros que poidera haber, e tamen é necesario que antes de poñerse en funcionamento teña unha ordenanza reguladora para este tipo de programas. E falando de ordenanzas, tamén e urxente facer unha ordenanza que regule a prestación de servizos en axuda en domicilio, xa sei que se está a facer, pero desde que se dixo xa hai dous meses e aínda seguimos a esperar. O servizo de axuda a domicilio e un dos programas máis importantes para o Concello, por moitas cousas, pola xente que o recibe, e polo xente que traballa nel, e por eso ten que estar regulado para as dúas partes, a xente que traballa neste servizo ten que ser a máis preparada que poidamos conseguir, porque é a que ten que coidar dos nosos pais, da nosa xente, e se desexamos que sexa xente de Ares a que preste este Servizo, o que ten que facer o Concello e facer todo tipo de cursos para que cando cheguen as convocatorias das prazas, a nosa xente, e dicir a xente de Ares poida presentarse a elas con mellores condicións de poder superalo. Tamén me gustaría pedirlle o Sr. Alcalde como xa o dixeran en Comisión, se queremos conseguir xente de Ares para os traballos no Concello, a parte de dar ou fomentar os cursos necesarios, dandolle tamén a necesaria publicidade as ofertas de traballo no propio Concello, xa sei que temos unha páxina web nova, e nela voto en falla como xa lle dixeran o propio Sr. Alcalde un taboleiro de anuncios, que sexa fácil de atopar e no que se inclua todo tipo de cursos, convocatorias e prazas, actividades que realiza o Concello, e xa sei que a lei so nos obriga a facer un anuncio nun Xornal, pero ademais deso se poden facer moitas cousas, e dando toda a publicidade posible para que a xente nosa, a xente de Ares se poida presentar, logo teran que cumprir os requisitos e superalas probas. E por último dicir que o noso grupo vai a votar a favor, non nos queda outra, posto que xa

está remitida a proposta, pero queremos deixar claro que a nos o que nos gusta non e so levantar a ma para aprobar o que faga o Sr. Alcalde, queremos aportar, aportar todo o mellor que poidamos, e cando levantamos a mán o facemos pensando que imos a cambiar as cousas para millor, e estou farta de escoitar que esto se fai porque así se facia antes, e me lembro que a primeira vez que levantei a mán aquí, foi pensando en cambiar as formas e sobre todo en cambiar Ares, moitas gracias.

Interven o Sr. José Manuel Cendán Fernández, manifestando que o seu grupo vai a votar a favor, significando que se fixo unha resolución por parte da Alcaldía, que é legal, e con respecto a algunhas afirmacións que se fixeron por parte da Concelleira do BNG; vou a ter unha intervención no punto núm. 7 e o vou a coordinar todo nese punto.

O Sr. Luis Cendán Fernández, di que si é verdade que esto se trouxo á Comisión cunha resolución, esto non é menos verdade que se viña traendo anteriormente cunha resolución, pola miña parte sempre discrepei da forma de traer este tema a Comisión, incluso cando tiñamos responsabilidade de goberno, entendo que debería levarse a Comisión Informativa para que así os grupos poideran aportar novas propostas, dito esto aínda que sei que estamos moi limitados pola Orde da Xunta. Por outra parte decir que si que estou de acordo co programa, que se cumpren as necesidades, polo tanto aínda que forma, posto que preferiría que se levara á Comisión Informativa con anterioridade, vou a votar a favor.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que o tema da Resolución sobre este tipo de resolucións que se refiren os Servicios Sociais, e algo que ven moi limitado pero moitísimo, se solicita e que se viña solicitando, eu fixen xestións con Vicepresidencia e non dan máis, metimos este ano o transporte adaptado, e a pesar de ser un municipio de menos de 10.000 habitantes o puxemos este ano con cargo o presuposto Municipal, habia que textar se eso funcionaba, non nos podíamos aventurar á posto en marcha do servicio cun custo superior os 48.000 euros anuais, e logo que non funcionara; textado o servicio apareceron inconvenientes que hai que corrixir, o máis importante e que creo que tamen ten que preocupar á Corporación é que hai 6 taxistas e eles e as suas familias vivien de esto, e o transporte adaptado incideu negativamente nos ingresos dese sector de traballadores que tamén son veciños do Concello de Ares, eso factor que viñeron os propios taxistas a expoñer e algo que temos que ter en conta para a posible contratación do servicio, nos como foi experimental o fixemos por contratación directa, e se puxo en funcionamento unica e exclusivamente con cargo á partida dos fondos municipais, o servicio foi apreciado foi valorado positivamente e agora o vamos a meter, nesta convocatoria de subvención dos Servicios Sociais. Nos van a dar e de todos os anos, aínda que nos den o de todos os anos porque non había moito marxe, aínda así procurarei que antes de ser tramitada esta subvención en vindeiros, pase antes ó estudio da Comisión Informativa correspondente.

Sometido o asunto a votación o Concello Pleno pro unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO NÚM. 5.- PROPOSTA DE CREACIÓN DO SERVICIO MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CIVIL.

Dada conta proposta de Creación do Servicio Municipal de Protección Civil, do seguinte teor literal:

PROPOSTA DE CREACION DO SERVIZO MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CIVIL.

A protección civil é un dos servizos que poden prestar os municipios, estándolles atribuída dita competencia nos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Protección Civil, lei 5/1985, do 21 de xaneiro, e demais normativas de aplicación na materia (R.D. 407/1992, do 24 de abril e Decreto 56/2000, do 3 de marzo).

De acordo coa citada normativa e co fin de dotar ao Concello do citado servizo propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Crear o servizo municipal de protección civil.
- 2.- Que se estudie na Comisión de Servizos e Persoal, o Persoal que se vai a adscribir a dito servizo.”

Toma a palabra a Sra. Abeal Pérez, significando que o seu grupo gustarlles que se explicase como este tema foi levado a Comisión no mes de Xaneiro e ven agora a Pleno, que se fixo sobre este tema desde aquela, e pediríamos tamén un informe do Sr. Secretario sobre o servizo de Protección Civil, cales son as súas funcións, e persoal adscrito a dito servizo, se é so unha persoa como se falou na Comisión ou se hai máis persoas neste Servizo, e tamén nos gustaría saber a relación que existe entre Servizo Municipal de Protección Civil, e Agrupación de voluntarios de Protección Civil, polo tanto pedimos que este tema quede sobre a mesa, ata ter un informe do Sr. Secretario, gracias.

Resposta o Sr. Alcalde, que a creación do servizo municipal de Protección Civil, ven determinada pola adquisición dun vehículo que forma parte dos servizos de intervención, e a dalgunha maneira a conducción deste vehículo esixe unha tipoloxía moi específica e moi concreto do que é o permiso de conducir, unha vez adquirido ese vehículo o obxectivo é entrega-lo a protección civil, pois e quen efectúa as intervencións de emerxencia no Concello de Ares. A compra deste vehículo e a entrega a Protección Civil, implica a súa conducción por parte dun voluntario, despois da correspondente consulta coa Directora Xeral de Protección Civil, lle preguntei o que facían noutros Concellos, sinalándose por esta que moitos Concellos o que facían era crear o Servizo Municipal de Protección Civil e poñían ó fronte do mesmo a un traballador Municipal en posesión do carnet de Conducir tipo C, que ademáis sería o que acompaña os voluntarios a prestación dos correspondentes servizos. Polo grupo de goberno se decidiu que fora Carlos un traballador da Nave e que ten carnet tipo C, e coa finalidade de facer moito máis clara a dependencia orgánica do Servizo de Protección Civil, queremos crear a seguinte estrutura, queremos someter a Agrupación de Voluntarios a un servizo municipal que este dirixido por un traballador municipal, que ademáis ten o carnet tipo C, para poder conducir ese vehículo. Se negociou con este traballador a súa disponibilidad para que a calquer hora

que sexa necesario e ante calquer eventualidade salga co Camión e coordine os voluntarios. Desde que se mercou o camión se fixeron 5 saídas, dúas delas urxentísimas, eu non podo ter a unha persoa conducindo un camión sen ningún tipo de organigrama municipal, onde se coordine o servizo de Protección Civil, onde esa persoa conduza o Camión e se diga que esa persoa e a responsable.

A Sra. Abeal Pérez, manifesta que ela non foi quen paralizou este tema desde xaneiro ata agora, o mes pasado non tivemos Comisión de Obras, Servizos de Tráfico, porque non había temas e agora si hai temas.

O Sr. Alcalde, resposta que se demorou debido á elaboración do PEMU, o cal foi homologado pola Dirección Xeral de Protección Civil, e unha vez homologado o PEMU, nel se contempla este Servizo, sen PEMU non se pode crear nada.

A Sra. Abeal Pérez, manifesta que segue a solicitar o informe de Secretaria.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, pregunta se a dispoñibilidade que se gratifica ó traballador municipal e pola dispoñibilidade en todos os servizos que realice Protección Civil ou soamente nos que interveña a Camión.

Respostase polo Sr. Ferreiro Montenegro, que é en todos os servizos.

Acto seguinte polo Sr. Alcalde-Presidente, sometese a votación, a proposta da Sra. Abeal Pérez de que o asunto quede sobre a mesa e o Pleno da Corporación por 2 votos a favor (BNG), 5 votos en contra do PSOE, 5 abstencións (4 P.P. E 1 NAL), acorda rechazar a proposta.

Acto seguinte sometese a votación a proposta da Alcaldía de Creación do Servizo de Protección Civil, e o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (5 PSOE, 4 P.P., e 1 NAL) e 2 abstencións (2 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO NÚM. 6.- PROPOSTA DE ADHESIÓN O NOVO GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL ASOCIACIÓN COSTA NOROESTE NOVO PROGRAMA LEADER.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e manifesta que Costa Artabra estaba no ámbito dun programa que tiña 31 grupos, e hai unha fusión para reducilos e en consecuencia o de Ferrol que é Costa Artabra pasa a integrarse co de Ortegá nun grupo solo, entón os Concellos de Costa Artabra que e o ámbito de Ferrolterra e os Concellos de Ortegá teñen que modificar os Estatutos e crear un novo Ente que inclua todos os Concellos posto que é unha fusión de dous grupos de actuación, entón este ten como resultados as Entidades de Ares, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Mugardos Naron, Neda, Ortigueira e Valdoviño, se fusionan os dous grupos e son Entes de xestión de Fondos Europeos.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando, que polo escoitou o outro día na Comisión Informativa, a min parece ben que se unan cantos máis Concellos millor, que hai que ser solidario en estes asuntos, pero o que me parece mal e que a subvención ben sendo a mesma que había, entonces con este convenio vamos a ester peor en teoría do que estabamos.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que esta fusión a temos que soportar por imperativo legal, posto que entende que a mesma non interesa nin a nos os de Costa Artabra nin os de Ortegal, posto que repartir o mesmo diñeiro a 8 Concello que a 11 ou 12 Concellos non é igual.

Seguidamente sometese o asunto a votación e o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación, e en consecuencia “Que o Concello de Ares constitúa e forme parte dunha asociación en trámites de constitución dirixida a promover o desenvolvemento do territorio integrado polos concellos de Ares, Cariño, Cedeira, Fene, Ferrol, Mañón, Mugardos, Narón, Neda Ortigueira e Valdoviño. Acórdase tamén outorgar a conformidade ao proxecto de estatutos da futura asociación, que forman parte deste acordo como anexo e que serán aprobados no acto constitutivo de dita asociación. Así mesmo, désígnase como representante do Concello de Ares, no acto constitutivo da nova asociación e como representante permanente, a D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con D.N.I. Núm. 32.649.797-D, alcalde deste Concello.

PUNTO NÚM. 7.- SEGUNDO PLAN DE IGUALDADE E OPORTUNIDADE ENTRE HOMES E MULLERES DO CONCELLO DE ARES ANUALIDADE 2008-2009.

Dada conta do Segundo Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres do Concello de Ares anualidade 2008-2009, de Ars Anualidade 2008-2009, dictaminado favorable na Comisión Informativa de Sanidade e Servicios Sociais.

O Sr. Alcalde-Presidente, que este é outro dos requisitos que empeza a figurar nas convocatorias das subvencións como documento a estar aprobado nos Concellos para poder obter as mesmas, e con acasión de solicitar un curso se nos insta a aprobación deste Plan

Toma a palabra o Portavoz de NAL, Sr. Luis Cendán, aínda que non intervin cando se trouxo este tema a Comisión, este é un requisito necesario que nos esixe a Xunta para tramitar algunhas subvencións, é unha cousa teórica pero é moi difícil de efectivizar por parte dos Concellos, posto que nos esixen unha serie de requisitos que non van acompañados da cantidade económica necesaria para levalos a cabo. Polo tanto manifestar que estou de acordo na súa totalidade e o vou a votar afirmativamente.

Interven a Sra. Abeal Pérez, manifestando que dende o Grupo Municipal do BNG, pensamos que o Plan de Igualdade de oportunidade entre homes e mulleres do noso Concello, e unha cousa moi seria, sobre todo co dato de que o paro fiminino duplica o masculino no noso Concello. Seguimos sen usar as Comisións, e a terceira vez que o digo, este foi levado a Comisión onte, a petición do noso grupo na Xunta de Portavoces para este Pleno, seguimos facendo as cousas porque nos obrigan e non por coherencia, pensamos que

se repite o erro do Plan anterior, no que non se contou coa participación do movemento asociativo nin cultural, e tampouco cos representantes políticos nin cos técnicos nestas materias. Polo tanto aínda que no Plan que nos presentan, pon Organismos e axentes implicados no 2º Plan de Igualdade e cita a toda a Corporación Municipal, (nos non participamos para nada na elaboración), Asociación de Mulleres, (non sei se falouse con algunha delas para facer o Plan), Asociacións Culturais e Deportivas, Centro de Saúde, Farmacia, Centro de Ensino, Garda Civil; aquí se nos nombra a todos e dicir que eu polo menos pola miña parte non participei. Polo tanto é difícil involucrar a toda a poboación nun Plan que é só un papel. Nos votamos en falla como dixen onte en Comisión a avaliación do Plan anterior, non sabemos o que pasou mentres estivo vixente o primeiro plan. Seguimos a facer as cousas sen debatilas, sen pedir axudas políticas para facelas, logo se nos dí que nunca votamos a favor. Xa lle dixen anteriormente como vota o BNG, pensando en Ares, e non en ter consenso, o consenso esta moi ben cando todos chegamos a acordos, pero se non é así, o consenso é ridículo, polo tanto o noso Grupo pide que este punto quede sobre a Mesa e se faga un novo Plan, no que despois de estudar a avaliación do Plan anterior, e recollendo as aportacións do movemento asociativo, nos faremos as aportacións oportunas para crear un Plan de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, que nos faga sentir orgullosos e involucrados nel para participar e facer que isto funcione, moitas grazas.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que esta de acordo, pero como xa dixo anteriormente quere facer unha intervención, e vou a fusionar os tres puntos que teño para falar dous deles ían na orde do día e o outro o ía a expoñer en rogos e preguntas. Debemos reflexionar todos sobre o que esta pasando, na Concellalía de Servizos Sociais, porque se veñen dando uns feitos, que non son normais, xa o dixen o outro día na Comisión porque non estaba a Psicóloga que é a responsable do CIM, posto que a responsable do CIM debería estar para darnos conta do traballo que se fixera, e non so isto senón tamén o tema do abogado, nos no CIM anterior tiñamos contratado unha abogada especialista no tema da muller, esta persoa estaba tamén contratada no Concello de As Pontes e no Concello de Ortigueira e era una persoa especializada no tema da igualdade e no tema da muller, tamén dicir e para respostarlle o BNG que nos tamen tiñamos solicitado unhas comisións informativas extraordinarias porque entendiamos que a selección do persoal de axuda a domicilio non se axustaba a legalidade nin á xustiza. Dicir que a xente que entreou a traballar no caso da Psicóloga é unha persoa sen cualificación se pode ver no curriculum, sen experiencia, e o bufete de abogados é exactamente igual porque non ten especialización no tema da muller, desde o noso grupo non podemos mirar para o outro lado, temos que dicir as cousas para que se corrixan e que non volvan a ocorrer, hai que buscar a profesionalidade e que o servizo funcione. Tamén dicir que se levou a Asistente Social de atención primaria a Comisión a defender este Plan cando entendo que quen tería que defendelo e dar conta del sería a Psicóloga na súa calidade de Directora do CIM e a abogada, para eso están cobrando. Con respecto as traballadoras auxiliares de de Axuda a Domicilio, dicir que nos no seu día veíamos algunhas irregularidades, posto que entrou xente con cero puntos e sen cualificación, cando levamos máis de sete anos dando cursos, pasamos por eso, pero nos encontramos que houbo unha baixa ou dúas no servizo, e o máis lamentable é que non se tire dos suplentes e se meta xente que non se presentou a esa praza. Tratemos de corrixir esta situación e que non volva a ocorrer, non queremos entrar en quen é a Psicóloga e porque esta aquí e tamén a abogada, debemos contratar a xente cualificada,

agora os políticos non vamos as seleccións e que sirva esto como unha chamada de atención os funcionarios que deben ser máis coherentes, posto que despois nos atopamos con esta situación que os técnicos que se contratan non poden dar a cara porque non están preparados.

O Sr. Alcalde resposta que non entende a postura do BNG de solicitar que asunto quede sobre a Mesa, cando na Comisión Informativa e por asentimento dictamina favorablemente o Plan de Igualdade, posto que se fora a votar en contra del o manifestaría así, cousa que non ocorreu. Con respecto o manifestado polo portavoz do Grupo Popular, en relación coa defensa do Plan pola Asistente Social, dicir que os técnicos non van as Comisións a defender nada, a súa función é asesorar ou informar sobre algun punto, as súas intervencións son única e exclusivamente técnicas. Porque estaba a Asistente Social de atención primaria, porque foi quen redactou o primeiro Plan de Igualdade. En relación con la contratación de auxiliares do servizo de axuda no fogar, pese a non estar nos tribunais, instó a que se contrate xente nova, non poden estar sempre traballando os mesmos, si é certo que entrou xente sen experiencia, pois non a podía ter porque en anteriores corporacións non se contratou nunca pese a intentalo.

Toma a palabra a Sra. Abeal Pérez, manifestando que eu non dixen que entrará xente non preparada, o que dixen é que cando tiñamos calquer tipo de convocatoria entre a traballar a xente máis cualificada, que é para traballar no noso Concello para nosa xente. Nun Plan de Igualdade ten que estar implicada máis xente que os técnicos, o tecido Asociativo é moi importante e todos os Grupos Políticos que estamos aquí, porque entre todos podemos facer que este Plan funcione.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, en relación con quen ter que ir as Comisións, dicir que sempre ía o responsable de cada área, non co obxecto de defender nada senón de enriquecer o contestar algunha pregunta que se lle poda facer, o que si está claro que se hai un responsable do CIM é quen ten que ir alí, para respostar algunha pregunta que lle podamos facer por parte dos Concelleiros que formamos parte da Comisión. En segundo lugar fixeche unhas afirmacións en relación coa contratación de persoal, dicir que de 10 persoas que se contrataron 7 xa traballaron sendo eu Alcalde e as outras nunca se presentaron, estas 3 non tiñan cursos de formación cando aquí levamos máis de 6 anos formando a xente de Ares, quero dicir que a estes 3 persoas eu non as vetei posto que non presentaron os exames de selección, e vou a dicir máis esta estratexia que viñamos facendo nos servizos sociais non ven da miña época senón que comeza xa co Sr. Rodríguez Doval, e despois seguiu co Sr. Vilasánchez e logo seguí conmigo 8 anos, se contratában un ano e o seguinte ano esas que traballan ían ó paro eso se leva facendo 20 anos, o máis grave desto é que cando fixo falla non se tirou dos suplentes dunha persoa que se presentou e que pagou unhas taxas, esas cousas teñen que corrírse.

Acto seguinte sométese a votación a proposta do BNG de que o asunto quede sobre a Mesa, e o Pleno da Corporación por 2 votos a favor do BNG e 5 votos en contra do PSOE, e 5 abstencións (4 PP e 1 NAL) acorda rechaza-la proposta

Seguidamente sometese a votación a proposta de Aprobación do Plan de Igualdade de homes e mulleres e o Pleno da Corporación por 10 votos a favor 5 PSOE, 4 P.P. E 1 NAL e 2 abstencións do Grupo Municipal do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO NÚM. 8.- APROBACIÓN INICIAL REGULAMENTO PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE ARES.

Dada conta do Regulamento para Concesión de Subvencións Municipais a Entidades sen ánimo de Lucro do Concello de Ares, que seguidamente se transcribe:

REGULAMENTO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE ARES

Artigo 1. Obxecto das subvencións

O presente documento ten por finalidade regular a concesión de subvencións municipais destinadas a institucións sen fins de lucro, que promovan o fomento da cultura, o deporte e os intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas.


A convocatoria realizarase cada ano e a concesión das axudas estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias que se determinen ó efecto.

Artigo 2. Solicitantes

2.1 Poderán concorrer e optar a estas subvencións as entidades sen ánimo de lucro (asociacións e fundacións), radicadas no término municipal ou aqueloutras que, aínda ubicadas fóra do mesmo, realicen actividades que beneficien obxectivamente os intereses municipais nos diversos ámbitos. As entidades beneficiarias haberán de estar inscritas obrigatoriamente cos seus datos actualizados no Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades deste municipio nos termos previstos no artigo 236.2, 3 e 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aprobeuse o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

2.2 Será requisito imprescindible estar ó día nas xustificacións de subvencións concedidas en anos anteriores ou ter solicitado unha prórroga debidamente xustificada e aprobada pola Xunta de Goberno.

Artigo 3. Ámbitos, liñas de subvención e conceptos subvencionables



1

.
P
r
o
g
r
a
m
a
s

c
o
n

m
e
n
o
r
e
s

,
f
a
m
i
l
i
a

2

.
P
r
o
g
r
a
m
a
s

c
o
n

P
r
o
m
o
c
i
ó
n
d
a
r
i
g
u
a
l
d
a
d
e
d
e
h
o
m
e
s
e
m
u
l
t
e
r
e
s

**X
u
v
e
n
t**

--

--	--

As subvencións que se perciban por parte do Concello de Ares serán compatibles coas de outras administracións ou entes públicos ou privados, salvo disposición en contrario nas bases específicas. En calquera caso, o total do financiamento obtido por parte dos diferentes organismos públicos ou privados, non poderá resultar superior ó custo do programa para o que se solicita subvención.

A entidade beneficiaria de subvención por parte do Concello, non terá dereito a obter deste novas axudas, económicas ou materiais, para ó mesmo fin dentro do mesmo ano.

Artigo 4. Documentación a aportar

4.1 En todas as solicitudes deberase ter en conta que o total da axuda que se obteña non poderá superar ó custo do programa presentado.

4.2 Á folla de solicitude acompañarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada da tarxeta do código de identificación fiscal (CIF) da entidade.

b) Declaración ou certificación do representante da entidade de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública, e da aceptación do presente regulamento e da convocatoria específica.

c) Memoria das actividades para as que se solicita axuda facendo mención a:

- Persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda.

- Calendario previsto para o desenvolvemento da actividade.

- Orzamento detallado da actividade para a que se solicita axuda, con expresión dos ingresos e gastos previstos.

d) Certificado acreditativo do número de socias e socios da entidade solicitante.

e) Ámbito de actuación –tanto xeográfico como sectorial- da entidade solicitante.

f) Declaración responsable do solicitante respecto ás subvencións obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía.

g) Certificación acreditativa de estar ó corrente das súas obrigas fiscais có Concello de Ares, declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias así como, coa Seguridade Social.

h) Certificación dos datos bancarios.

i) Calquera outra documentación que, no seu caso, estableza a convocatoria anual.

De acordo có artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non estivera debidamente formalizada ou faltara algún dato ou algún dos documentos citados, requirirase á entidade solicitante para emendar as deficiencias no prazo de 10 días hábiles

(exclúense polo tanto, domingos e festivos) indicándose que, se non o fixese, arquivarase a solicitude sen máis trámite.

Artigo 5. Convocatoria e prazo de solicitudes

5.1 Convocatoria: a Xunta de Goberno procederá a efectuar unha convocatoria anual no primer trimestre de cada ano, a cal publicárase no Boletín Oficial da Coruña.

5.2 Prazo de presentación: as entidades que desexen participar, deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín correspondente.

5.3 Recollida e entrega de solicitudes: poderán recoller e entregar solicitudes no rexistro xeral de entrada de documentos da Corporación, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 h. e os sábados de 10:00 a 13:00 h. Tamén poderase entregar a documentación na forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

A información e os modelos de solicitude tamén estarán dispoñibles na web municipal (www.concellodeares.com), aínda que a entrega deberá realizarse nalgunha das formas especificadas anteriormente.

Artigo 6. Órgano competente e criterios para a concesión de subvencións

6.1 A Xunta de Goberno será o órgano competente para a resolución das peticións de subvencións, logo da proposta do concelleiro-delegado responsable da área e informada á Comisión correspondente.

6.2 O acto de concesión terá carácter discrecional.

6.3 Non obstante ó carácter discrecional, seguiranse a efectos orientadores os criterios que de seguido se sinalan:

- Contemplárase os obxectivos das actividades así como a súa representatividade no municipio, gozando de especial consideración aquelas actividades que se traten conxuntamente por varias entidades.
- Terase en conta o número de socios cós que conta a entidade.
- Terase en conta o grao de interese xeral ou sectorial da actividade que se propoña realizar, e a coordinación e complementariedade cós programas municipais, así como o número de posibles beneficiarios directos ou indirectos.
- Considerarase a súa capacidade económica autónoma e as axudas que reciban doutras entidades públicas.
- Nivel de colaboración mantido có Concello, coas actividades que desde o mesmo se organicen durante todo o ano, así como a dispoñibilidade da entidade solicitante para a sinatura de convenios de colaboración que permitan o desenvolvemento de programacións estábeis e plurianuais no término municipal.

- A promoción de actividades que teñan a ver coa defensa dos valores e potenciais culturais, deportivos, históricos e naturais de Ares.

Non se concederán subvencións a aquelas entidades que teñan pendentes de xustificar subvencións de anos anteriores.

Artigo 7. Prazo de resolución e notificación

A resolución terá que adoptarse no prazo máximo de 3 meses, contados a partir do seguinte día a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Entenderanse desestimadas si, vencido dito prazo, non recae resolución expresa, sen prexuízo do cumprimento da obriga de resolver segundo o artigo 42 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8. Obrigas dos beneficiarios

8.1 De acordo có artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, serán obrigas dos beneficiarios xustificar e cumprir a finalidade que fundamenta a concesión da subvención, así como someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas actuacións.

8.2 Tamén serán obrigas dos beneficiarios de acordo có artigo 18.4 da Lei citada neste apartado, dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento, coa expresión “colabora Concello de Ares” xunto có escudo do Concello.

8.3 A entidade beneficiaria comunicará ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos. Así mesmo e de acordo có artigo 37 da citada Lei, deberán proceder ó reintegro das cantidades percibidas e o pago dos intereses de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

En todas as solicitudes deberase ter en conta que o total da axuda que se obteña, por subvencións e outras fontes, non poderá superar ó custo do programa presentado.

Artigo 9. Xustificación das subvencións

9.1 Prazo de xustificación: o prazo de xustificación das subvencións concedidas rematará o 20 de xaneiro do ano seguinte á convocatoria de subvención. No caso de ser un día inhábil, ampliarase o prazo ata o seguinte día hábil.

Vencido o prazo para a xustificación sen que o beneficiario da subvención teña xustificado o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, notificaráselle ó interesado a perda do dereito ó cobro da cantidade concedida, así como a obriga de devolver o importe da subvención xa concedida.

9.2 Cantidade a xustificar: segundo o artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

- Deberanse presentar os xustificantes de pago ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.
- Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio con eficacia administrativa. Para os gastos de persoal, presentarase copia dos contratos laborais, dos recibos das nóminas firmados polos perceptores, dos xustificantes das cotizacións á Seguridade Social e das retencións de Facenda.
- A acreditación dos gastos tamén poderán efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos esixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.
- Cando as actividades foran financiadas, ademais de coa subvención da Corporación, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. No caso de non ter outras axudas ou subvencións, declaración deste feito.

O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos ou a xustificación insuficiente da mesma, terá como consecuencia o reintegro da subvención concedida. Así mesmo, procederase a devolución nos supostos recollidos no artigo 37 da Lei citada neste apartado.

9.3 Documentación: ademais do especificado no apartado anterior, deberase aportar a seguinte documentación:

- Relación das actividades levadas a cabo para a execución do programa.
- O balance de gastos e ingresos correspondente á execución do programa.
- Certificación do representante da entidade ou solicitante, de ter cumprida a finalidade da subvención ou axuda, mediante a realización das actividades para as que foi concedida.

Artigo 10. Pago das subvencións

O pago das subvencións concedidas farase efectivo no prazo máximo de seis meses desde a xustificación por parte da entidade beneficiaria.”

O Sr. Alcalde manifesta que se procede a Regular a dotar dunha norma a Concesión de subvencións por parte do Concello de Ares a entidades sen ánimo de lucro, é unha proposta da Concellería de Cultura e Deportes e foi debatido en dúas Comisións Informativas, foi emendado polos grupos, en consecuencia foi enriquecido, e se trae hoxe para súa aprobación se procede polo Concello Pleno.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, quen manifesta que este é un tema debatido en dúas comisións e con anterioridade en algunha máis, nesta Corporación xa fora un tema de debate cando se aprobaron as subvencións do ano pasado, na que se houbo un inicio, un avance de cal era a nosa posición, nos valoramos este traballo feito, valoramos que se produciran modificacións que modifican

sustancialmente e que nos creemos que perfeccionan, sin ser por eso un instrumento perfecto, desde o documento inicial e coas emendas plantexadas desde o Bloque Nacionalista Galego, se modifica un instrumento que nos creemos que é básico, desde o noso punto de vista os apartados máis importantes é aclarar que as achegas, as solicitudes e subvención, van adicadas preferentemente a aquelas entidades radicadas no Concello que teñen un traballo estable, que teñen un traballo coñecido, polo tanto eliminar prácticas que levaron que no seu momento se subvencionase unha entidade que estaba legalizada pero que non facía ningún tipo de actividade, en segundo lugar obxetivar os criterios das achegas dentro da discrecionalidade que sempre existe porque é evidente que non hai unha tabla, que en función dun papel que che presentan de unha puntuación, non é menos certo que o Concello pode marcar perfis, pode marcar criterios que sirvan despois como base para axudar a este reparto, nese sentido a nos parecenos importantísimo o tema dos convenios de colaboración que foi unha das últimas achegas que nos fixemos na Comisión do día 16 de maio. Porque o tema dos convenios, porque nos estamos sempre co tema de que as subvencións terían que desaparecer, ogalla chegamos a ese sistema porque non deixan de ser actos discrecionais, pero é evidente que a política de fomento a través de convenios e de programacións estables en certa maneira dalle maior seguridade, aquelas entidades que se comprometen a certas programacións que levan mais dun día, incluso que abarcan todo o ano, que o nivel de colaboración por parte da institución sexa maior que nos outros casos, e rematando para dicir que a inclusión dun novo paragrafo que di “independientemente que a aprobación corresponde á Xunta de Goberno á proposta do Concelleiro do area correspondente, naturalmente que se pase a traves da Comisión aínda que so sexa a efectos de ter opinión e coñecemento debe de exercerse ese paso previo, igual que hoxe estamos aprobando aquí este Regulamento, polo que vamos a darlle o noso voto favorable, porque entendemos que se da un paso de mellora con respecto ó que se viña utilizando nos últimos anos.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que xa que houbo consenso non ten nada que dicir, pero si engadir que o tema das subvencións dentro da lexislación española non hai un sistema perfecto por dicilo dalgunha maneira, todo e que se lexisle ou acorde nese sentido esta ben, aínda que non fun un dos propoñentes porque non forma parte da Comisión, acato o dictame da Comisión e vou a darlle o meu voto favorable.

O Sr. Manuel Cendán Fernandez, di que o Regulamento onde se controle e se fiscalice o reparto das subvencións parcelles ben e lle van a dar o seu voto favorable.

Sometido o asunto a votación o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

9.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a

celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

10.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-

Dada conta da Moción do BNG sobre o Decreto de Bacharelato do seguinte teor literal:

“A) Moción do BNG sobre o DECRETO DE BACHARELATO.

“ A implantación en Galiza dos distintos currículos das ensinanzas non universitarias en aplicación da LOE (Lei Orgánica de Educación) están producindo graves problemas á hora de establecer un ensino equilibrado e adaptado á realidade galega que promova a formación integral do alumnado.

A LOE e a posterior normativa ditada polo Goberno central, ao igual que fixeron as anteriores leis da etapa do PP, imponen un sistema educativo centralizador que fixa unha elevada porcentaxe de contidos mínimos, novas áreas do currículo e o ensino da relixión dentro do horario lectivo e con valor académico. Todas estas cuestións impiden avanzar cara a un ensino laico; que Galiza poida exercer as competencias propias, e que o sistema educativo e o currículo se axeite á nosa realidade e ás necesidades do alumnado galego.

No que respecta ao bacharelato a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elaborou un borrador de decreto sobre o currículo desta etapa educativa que supuña a redución do horario lectivo en tres áreas fundamentais, a Educación Física” que quedaba reducida a unha hora semanal nun só curso, a “Filosofía” (que pasaba de tres a dúas horas) e tamén unha hora menos para “Historia” (de catro a tres horas).

As áreas obxecto de redución implican consecuencias negativas moi importantes na formación do alumnado. Logo de diferentes mobilizacións e negociacións a Consellería de Educación decidiu manter a carga horaria de “Educación Física” (2 horas) a a redución prevista en “Filosofía” e “Historia”, en ambos os dous casos, dunha hora.

A redución na área de “Filosofía” considerando que se incrementan os contidos a impartir (Cidadanía), e en “Historia” vai impedir que os contidos poidan ser impartidos desde unha perspectiva propia galega, o que se traduce en que os currículos das materias impartidas en Galiza se van reducir exclusivamente aos mínimos marcados a nivel de Estado. Esas reducións están directamente relacionadas coa dificultade do punto de vista legal de excluir a “Relixión” do currículo, exclusión que, ademais de ser coherente cun estado aconfesional, permitiría manter a carga lectiva de materias básicas como “Filosofía” e “Historia”.

Por todo isto, solicitamos do Pleno do Concello de Ares a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Instar á administración educativa do Goberno central a que nas leis educativas e demais normativa que as desenvolve respecte as competencias educativas propias de Galiza de xeito que permita o establecemento de currículos equilibrados e adaptados á realidade galega.

2º.- Instar as administracións educativas central e galega a avanzar cara un ensino laico no que a materia de “Relixión” non forme parte do currículo, garantindo así a actual carga horaria das materias básicas como “Filosofía” e “Historia”.

O Sr. Rodríguez Doval, manifestando que todos os que estamos aquí, sabemos que hai unha modificación prevista no bacharelato a respecto de facía unha previsión de redución de horario en tres materias, (educación física que quedaba reducida a 1 hora semanal, a filosofía que pasaba de 3 a 2 horas, e a historia que pasaba de 4 a 3 horas), nos rexistramos unha moción con data 30 de abril, no momento que xa había un debate da Comunidade Educativa, e como consecuencia dese debate se produce un cambio sustancial a noso xuízo, que foi que a Consellería de Educación derá volta atrás, na pretensión dunha das materias que foi a Educación Física, eso foi a razón de que nos con posterioridade a esa data rexistráramos unha nova moción, que mantiña o espírito do que a nos nos preocupa que era un tema xenerico, pero na que eliminabamos o debate sobre o tema da educación física, pois xa existía un posicionamento do goberno, o que pretendemos e debatir sobre unha situación real, pero aínda siguen existindo a materia da filosofía e a materia da historia, no tema da filosofía e coñecido que leva aparelado a educación para a cidadanía e polo tanto unha materia que vai a ser máis ampla e que se lle reducen as horas que van a impartir, nos as propostas que facemos son as seguintes:

No primeiro punto **Instar á administración educativa do Goberno central a que nas leis educativas e demais normativa que as desenvolve respecte as competencias educativas propias de Galiza de xeito que permita o establecemento de currículos equilibrados e adaptados á realidade galega.**

En segundo lugar **Instar as administracións educativas central e galega a avanzar cara un ensino laico no que a materia de “Relixión” non forme parte do currículo, garantindo así a actual carga horaria das materias básicas como “Filosofía” e “Historia”.**

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que un dos temas máis importantes é a educación dos nosos fillos, polo tanto este é un tema moi serio de analizar, e entendemos que hai que tratalo como tal, a moción que se nos presenta aquí e un pouco de parcheo pero non se aborda o tema, en canto a LOE que todos sabemos o debate que orixinou e que esta a orixinar, e hai están os datos sobre o alumnado de España que estamos á cola de Europa, se vamos a analizar a Lei habería que ir ó tronco e non a pequenas modificacións que non van a contentar a ninguen, hai que tratar de quitar unha Lei onde esten todos os sectores implicados, polo que o meu voto vai a ser negativo a Moción.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta con respecto á primeira moción presentada no referente á Educación Física coincidiamos pero no que non estamos de acordo e nos acordos, creo que se variou e vamos a presentar unha alternativa, no tema de educación física é unha asignatura fundamental hoxe en Galicia e na maioría dos Estados, como pode combatir a obesidade e sobre peso nos nenos, temos un porcentaxe bastante elevado na infancia de sobrepeso, o tema se votou para atrás e debemos de estar todos contentos, con respecto ó tema manifestado polo BNG da relixión, dicir que estamos diante un Estado de Dereito e na nosa Constitución no artigo 18 o ampara, nos temos aquí unha serie de cuestións co obxecto de enriquecer a Moción que son os seguintes:

2º.- Instar a Consellería de Educación a que se regulen a medio prazo os mínimos en 3 horas semanais en todos os niveis de ensinanza non Universitaria e a posibilidade de ofertar a Educación Física como optativa no segundo curso de bacharelato.

3º.- Demandar que se integre o Deporte Escolar no sistema galego do Ensino.

4.- Instar a Consellería de Educación, a que por parte de todos os Institutos de Galicia, se impartan os dos bacharelatos (tecnolóxico e de humanidades).

5º.- Instar a Consellería de Educación a que garanta una oferta educativa suficiente na modalidade de artes que de a cobertura a todo as cidades de máis de 25000 habitantes.

6º.- Instar á Consellería de Educación a que tamén se manteña a carga horario de filosofía e historia.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que na exposición de motivos na última parte di que na redución na área de filosofía considerando que se incrementan os motivos a impartir (cidadanía), en historia vai a impedir que os contidos se poidan impartir desde unha perspectiva propia galega, despois se relaciona dunha maneira directa a merma dos contidos en filosofía e historia coa existencia dunha asignatura que é a relixión. A competencia é Estatal, e a propia Moción reconece a dificultade para excluir a relixión do curriculum, posto que non garantiza que esta exclusión xenere un aumento das asignaturas nas que a Moción pretende que se aumente as horas de docencia. Tendo en conta que isto forma parte da propia conciencia máis íntima das persoas poderíamos ofrecer un consenso entre as dúas mocións, pediríamos a corrección da exposición de motivos na que fai referencia a perspectiva propia galega de asignatura de Filosofía porque pensamos que non ten xustificación, e despois as referencias a relixión como se fora esa asignatura a responsable de que se ensine menos filosofía e menos historia, en resumo sacar do acordo o punto 2.

E con respecto a Moción do Grupo Popular que recolle 6 propostas de acordo, as relativas a Educación Física que preve incremento, a incorporación do Deporte Escolar, o punto 4 e 5 a mín escapásemos á hora de facer un posicionamento do Grupo Socialista, podo ter un posicionamento, na filosofía, na historia e na relixión e tamén no deporte galego, pero os puntos 4 e 5 non sei, desde logo o 5 non nos afecta pois non somos un Concello de

máis de 25000 habitantes, poderíamos chegar a un consenso, senón pasaríamos directamente a votar as Mocións.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que a Moción que presenta o Partido Popular non ten nada que ver coa que presenta o BNG, é unha páxina dunha Moción que nunca chegou a presentar pero que non via no sentido do que dicimos nos, a moción do P.P. E un análise do reparto das áreas dos bacharelatos, nos estamos falando con toda claridade para quen o queira entender, nos abordamos dous aspectos que se queren reducir no espazo temporal que é o filosofía que se lle engade cidadanía, e o tema de historia, e abrimos unha vía con algo que non sei porque se lle ten tanto medo a esta cuestión que é o tema da relixión, aquí dixo o Sr. Alcalde que a relixión é un tema da conciencia das persoas, a inclusión da materia de relixión católica no curriculum obrigatorio non é un problema de conciencia das persoas, eu non quero que os rapaces e rapazas que van a entrar na comunidades escolar teñan os membros problemas que tivo a miña filla e algunhas máis, onde pasaron a ser unha especie de “gheto” porque non quixo estudar relixión que por certo eu non llo impuxen foi ela porque quixo. Nos abrimos unha que é que se retire do curriculum a asignatura de relixión e en base a eso xa que temos máis horario se atendan en condicións as materias de filosofía e de historia.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que o Sr. Rodríguez Doval, di que non ten nada que ver o que presentou el co que presentei eu, e estamos a falar sobre o decreto do bacharelato, estamos falando os dous do mesmo, teño que dicir que os pais teñen dereito a que os seus fillos estudien a relixión e un dereito Constitucional, sabemos que o que esta movendo agora o mundo son as etnias, os nenos teñen coñecemento do que son as relixións no mundo, e un dereito Constitucional que ven recollido no artigo 16, e os pais teñen dereito a que os seus fillos estudien a relixión que queiran.

O Sr. Alcalde, manifesta que por fixar posicións no que é a emenda que presenta o Grupo Popular podería haber acordo nos puntos 1, 3 e 6, e na moción do BNG podería haber acordo no punto 1, se hai consenso fixamos posicións e senón se vota.

O Sr. Rodríguez Doval, di que deixan a Moción tal e como esta.

O Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que se ratifica na súa primeira intervención que é un tema que hai que ir ó tronco, hai expertos para cambiar a Lei, hai un Parlamento, e vir a con modificacións dun tipo ou de outro no levan nada, o tema da relixión é un tema de moito calado, significando que manteño a miña postura do voto contrario polas razóns expostas.

O Sr. Alcalde manifesta que ante dificultade de acadar un consenso no conxunto das dúas Mocións e dado a dificultade e fixar posicións, propón os seus compañeiros de grupo a votación en conciencia.

Sometida a votación a emenda do Partido Popular, o Pleno do Concello por 4 a favor do P.P., 5 en Contra (2 B.N.G e 1 NAL e 2 PSOE (Sra. Montenegro Ferro, e Sra.

Fernández Coria) e 3 abstencións (Sr. Alcalde, Sr. Vilasanchez Pazos e Sr. Ferreiro Montenegro), acorda rechaza-la emenda do Grupo Popular

Acto seguinte sometese a votación a Moción do BNG, co seguinte resultado 4 votos a favor (2 BNG ,2 PSOE “1 Sr. Vilasanchez Pazos e 1 Sra. Fernández Coira”) 7 votos en contra (4 P.P., 2 PSOE “Sr. Alcalde e Sr. Ferreiro Montenegro” e 1 NAL) e 1 abstención (Sra. Montenegro Paz), acorda rexeitar a Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG.

B) Moción do P.P. SOBRE AS NORMAS DO HABITAT GALEGO.

Dada conta da Moción do Grupo Municipal do P.P. Sobre as normas do Habitat Galego, do seguinte teor literal:

“José Manuel Cendán Fernández, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presento a seguinte Moción para o seu debate polo trámite de Urxencia.

Xustificación da Urxencia.

O pasado día 17 de abril entraron en vigor as Normas do Hábitat Galego, aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia o 17 de xaneiro. Todos os sectores implicados están manifestando a súa oposición e adiantando os efectos negativos da mesma. Co obxectivo de evitalos o Grupo Municipal Popular presenta esta iniciativa para seu debate no Pleno deste Concello de Are.

Exposición de motivos.

As Normas do Hábitat Galego que ven de aprobar o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, pretenden marcar as calidades mínimas coas que se deben construír as novas vivendas.

Estas normas substitúen o actual Decreto de Habitabilidade e recollen todos os parámetros de cómo deben construírse as vivendas en Galicia, sexan protexidas ou de prezo libre.

Estando de acordo co obxectivo global da mellora das condicións das vivendas, en canto supoñan a mellora das condicións de vida dos cidadáns; sen embargo, o Decreto de Habitabilidade aprobado pola Xunta de Galicia, na súa actual redacción, presenta moitos aspectos que, aplicados na práctica, suporán evidentes prexuízos para os veciños.

Por su posto, o PPdeG está a favor de todas aquelas medidas que supoñan un aumento da calidade de vida e do habitat dos veciños, pero precisamente por iso, entende que ese obxectivo se deben perseguir baseándose na obxectividade e no rigor e non mediante normas improvisadas que suscitan rexeitamente xeral.

A constitución Española garantiza a autonomía dos municipios para a xestión dos seus respectivos intereses. Sen embargo, as Normas do Hábitat Galego aprobadas, supoñen unha inxerencia e un ataque á autonomía local, toda vez que, según teñen manifestado xa moitos técnicos independentes, poderían chegar a colisionar mesmo cos Plans de Ordenación Municipal, trátase, en consecuencia dunha norma claramente intervencionista.

A día de hoxe, todos os sectores implicados manifestan a súa preocupación polos efectos negativos que se derivarían da súa inmediata entrada en vigor: invasión na autonomía municipal, encarecemento dos prezos das vivendas de ata un 30% parálise dos planeamentos en redacción (nomeadamente para os Concellos que os esten a tramitar) exceso de reglamentación, discrecionalidade da Consellería de Vivenda para eximir do cumprimento da norma etc.

Boa mostra da preocupación xerada por este Decreto é a saturación que, dende a publicación do mesmo, están sufrindo os servizos urbanísticos dos concellos galegos, recibindo un “aluvión” de solicitudes de licencias de construción antes da entrada en vigor.

Trátase dunhas Normas, que como advirte o Consello Consultivo de Galicia nos dous dictames emitidos invaden competencias que non son propias da Consellería de Vivenda e Solo, ademais de que pola súa imprecisión e ambigüedade serrarían inseguridade xurídica.

Os informes elaborados polos axentes implicados son contrarios ao texto aprobado pola Xunta de Galicia, de aí a preocupación que neste Grupo Municipal recolleemos de todos e cada un deles. A FEGAMP ven de recoñecer explícitamente que as normas en cuestión invaden as competencias da administración local.

Considerando que estamos inmersos nunha crise económica profunda que repercute en todos os sectores productivos, o CONCELLO DE ARES veríase claramente perxudicado pola aplicación deste Decreto. Os primeiros perxudicados serían os propios veciños que sufrirían un aumento do prezo da vivenda e logo abarcaría ao conxunto da actividade económica coa conseguinte paralización dos sectores económicos esenciais. Así mesmo, a aplicación do decreto afectaría negativamente na recadación municipal e conseguintemente frearía a capacidade orzamentaria de servizos deste Concello.

Por todo o anterior, o Pleno do Concello de Ares, insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Derogar o actual Decreto das Normas de Hábitat Galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa FEGAMP, e os sectores empresariais e profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano dos concellos galegos.
- 2.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, á FEGAMP e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Interven o Sr. Manuel Cendan manifestando que quero dicir que nos estamos diante dun baixon de competencias, xa o dixen co tema do Plan Xeral, que hai da orde de 80 plans xerais presentados en toda Galicia e non saen adiante, entendemos que queren controlar, que queren facer un urbanismo perimetral, controlado desde a Comunidade Autonoma e Invadindo as competencias municipais, e os Concellos o mínimo que debemos de defender é a Autonomía Municipal, temos que loitar porque os nosos fillos queden no noso Concello e evitar que teñan que saír de aquí polo encarecemento da vivenda.

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que quere deixar claro algúns aspectos, dicir que o seu voto vai a ser favorable á Moción, porque desde que esta norma entrou en vigor o 17 de abril de 2008, so fixo traer todo tipo de declaracións por parte dos sectores afectados, o momento da entrada en vigor non é o máis oportuno nin para a economía galega nin para a dos Concellos, esta norma debería de ter un consenso maioritario implicando a todos os sectores nela, e sobre todo chegar a un maior consenso entre a parte política e a parte técnica, quero facer eco dalgunhas declaracións sobre todo na prensa desde que esta norma entrou en vigor, facendo constar o que nos recolle a nos que é o da FEGAMP, por parte dun portavoz da FEGAMP se manifesta que van a recurrir o Decreto porque invade competencias municipais, no preámbulo do Decreto a mesma Xunta recoñece que o tema da habitabilidade e competencia municipal, decir que según os expertos nesta materia se calcula que entre o 25 e o 30% vaise a encarecer o valor da vivenda. A Confederación de Empresarios de Galicia, fai un chamamento ó consenso porque existe unha petición doutra asociación constructora que está estudiando a maneira de irse de Galicia, por outra banda os Colexios de Arquitectos e Aparelladores manifestan que non foron tidos en conta no momento da elaboración da norma. Polo tanto eu creo que isto xenerou unha alarma importante na Comunidade Autónoma, creo que debemos recapacitar, tratar de derogar este Decreto, que salga con todas as forzas e sectores sociais de Galicia, xa que saleu no pero no que podía haber saído, polo tanto meu voto vai a ser favorable á derogación do decreto das Normas do Habitat.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que é evidente que nos discursos que lle acaban de preceder as persoas que interviñeron non teñen as mesmas preocupacións sobre a vivenda das que teñen no BNG, debemos partir da idea que a Comunidade Autónoma ten as competencias de lexislación sobre este tema, non sei porque nos alboratamos porque xa existía unha medida que regulaba todo isto que ven do ano 1992, momento que gobernaba a Xunta o Partido Popular. Nos a preocupación que temos é que se fagan vivendas de calidade, nos preocupa que no momento de facer unha vivenda unha persoa mínusválida se poida desenvolver, ou no momento de que exista un accidente poder evacuar a esa persoa, a nosa preocupación é que se poida vivir, e que os espazos que se teñan sexan espazos nos que se poida vivir, que as construcións se fagan e tal forma, que as construcións se fagan de maneira que se poida ter un maior aforro enerxético, parametros que se están a aplicar nos países desenvolvidos nos que todos nos temos que fixar. Hai moita hipocresía neste tema, se alude a que non houbo consenso, non sei se pasar dous anos discutindo con todos os axentes sociais, e fora esta a Xunta ou outra a que sacará unhas normas deste tipo non iba a ter consenso. Teñen vostedes unha preocupación tremenda coa subida do prezo dos pisos, e me extraña que nunca o escoitara sendo Alcalde dun Concello onde os pisos

estuvieron a un nivel tremendo e vostede nunca levantou a voz, vostede se preocupou de favorecer os promotores, preocúpese vostede de que os pisos que se venden sexan en condicións, e os constructores se teñen que adicar a facer pisos nos que se poida vivir, e vostede de saber que a subida dos prezos nos pisos non é desde o 17 de abril de 2008, e dende que se a política do ladrillo estivo en primeira línea, lle vou a dar un dato de hoxe que ven publicado na Voz de Galicia, **“A venta de pisos desplomouse”**, sabe vostede onde se desplomou menos, curiosamente en Galicia onde se publicaron as normas do Habitat, se desploma un 47% no resto do Estado e en Galicia un 23% e curioso. As normas hai que leelas ben, eu teño aquí as declaración dun representante dunha asociación de Pontevedra, que dí non as leín ben pero me parecen unha chafullada, non é unha razón moi convincente, as cousas hai que leelas ben. O problema que ten Ares ven derivado de dúas cousas, dunha política que se fixo durante 8 anos de mirar para outro lado e facer caixa das licencias que entraban e o diñeiro non dirixilo as cuestións prioritarias que tiñamos e despois outra batalla que fixo contra o Plan de Urbanismo que acabou traendonos esta situación, como lle podemos votar a culpa de que non se vendan máis pisos en Ares ás normas do Habitat, o problema é que isto se desmadrou e agora hai que recoller os cachos, e non os recollen os que os sembraron os teñen que recoller outros. Curiosamente non temos que modificar os plans, mire no DOGA do martes 21 de maio veñen recollidas unhas axudas da Consellería de Vivenda e Solo, para a contratación de persoal técnico para aplicación das normas do Habitat, hai un millón de euros para estas axudas. E un Goberno que fai por nomas e pon os medios económicos para que se desenvolvan, as normas dos que vivimos nas vivendas tera que protexelas alguen. É evidente que o Decreto non hai que deregolo, é evidente que o Decreto hai que desenvolve-lo.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, dille o Sr. Rodríguez Doval, que vostede non leeu a Moción, e utiliza a demagogia a ten diante pero non a leeu, eu estou de acordo tamén co Habitat pero doutra maneira non así, este Decreto vai a ser igual que o Decreto de Servicios Sociais, estamos falando dun informe do Consello Galego, estamos a falar da FEGAMP que está gobernada polo Partido Socialista e non é sospeitosa de nada, existe bastante enfrentamento e o van a cambiar e o mesmo Presidente da Xunta non está de acordo con el, está é unha Consellería do BNG e queren ter intervencionismo. Aquí houbo un boom urbanístico como en todos os Concellos, non veña vostede aquí a dicir tonterías. Aquí aumentou o censo e viñeron bastantes familiar de Mugardos para aquí porque en Mugardos non había vivendas. Non fagamos o que está pasando e Redes que vamos a facer un pobo fantasma, van a vir 4 madrileños e 4 da Coruña que teñen 40 ou 50 millóns para comprar unha casa e o resto dos Redes da idade súa ou miña e todos están fora de Redes, porque non poden acceder a unha vivenda, temos que evitar que eso pase en Ares, sabemos que hai que facer pisos de calidade.

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que se trata dunha norma que esta xenerando bastante mal estar no municipalismo galego, hai unhas regras do xogo, nese sentido so se pode poñer coto o que se consideran desmanes en aplicación da normativa vixente, e efetivamente a Constitución garantiza a Autonomía Local, e por desgracia vemos constantemente como esta Autonomía Local esta sendo agredida fundamentalmente polas Comunidades Autonomas, que non permiten ningunha agresión do Estado Central, pero logo efectivamente pasan por encima da Autonomía Local, aproveitando de que os Concellos somos moitos, os Concellos somos pobres, e que os Concellos por ser pobres

logo lles temos que mendigar, e efectivamente os Alcaldes non se cansan de mendigar ante a Administración Estatal e ante a Administración Autonómica, porque cos fondos propios non podemos as veces nin acometer o asfaltado dunha rua, non deixar de aprobarse normas que cada dous por trs obstaculizan a labor municipal, que invanden a competencia municipal, fundamentalmente polas Comunidades Autónomas, e principalmente polas Comunidades Autónomas que necesitan construír Estado porque pensan que o que existe non é o delas, esa construción de Estado se fai centralizando competencias na capital da Autonomía e dicir en Barcelona, en Victoria en Santiago, debilitando a autonomía local e pasando por riba dun ámbito de garantías que a constitución establece os Concellos, existe unha posición oficial da FEGAMP na que están representados os 315 Concellos de Galicia, están representadas as tres forzas políticas, e a FEGAMP non dice nin inventa nada, hai un dictame do Consello Consultivo que dice que está norma invade competencias municipais, a FEGAMP di o que di o Consello Consultivo, o Presidente da FEGAMP que é o Alcalde Socialista do Concello de Ames, levou a proposta de esixirlle á Consellería de Vivenda consenso, negociación, participación e como non se produxo a efectos as consideracións da FEGAMP por esta se anuncia que van a impugnar as normas do Habitat, en consecuencia nestes momentos a FEGAMP nestes momentos xa interpuxo un Contencioso-Administrativo contra as normas do Habitat Galego, porque considera que invade competencias municipais. Desde esta perspectiva a posición do Grupo Socialista é a posición da FEGAMP que é que ten que haber consenso na elaboración destas Normas porque se invanden competencias locais.

O Sr. Alcalde solicita que se vote que o Concello de Ares respalda á FEGAMP nas súas xestións ante a Consellería de Vivenda porque as Normas do Habitat Galego teñen que ser consensuadas cos municipios Galegos.

Sometida a votación esta proposta o Concello de Ares, por 10 votos a favor (5 PSOE 4 P.P 1 NAL) e 2 abstencións (Grupo Municipal do BNG)óns acorda prestarlle a súa aprobación.

C) Moción do BNG sobre a Promoción e Creación de Consellos Municipais Padroados en Materia de Cultura e Deportes.

Dada conta Moción do BNG sobre a Promoción e Creación de Consellos Municipais-Padroados en Materia de Cultura e Deportes, do seguinte teor literal:

“A procura dunha maior colaboración e coordinación entre as iniciativas que desenvolve o Concello e o movemento asociativo existente no término municipal foron obxecto de numerosas iniciativas -tomadas nuns casos desde as propias entidades e noutras desde o concello -nos últimos anos.

Na orixe das diversas propostas latexaba o interese en concretar instrumentos que fomentasen unha política de verdadeira colaboración, e de racionalización dos recursos que -ben sexa desde a institución ou ben desde as propias entidades -se tentan chegar á sociedade; tentan achegar á sociedade; tentando en definitiva fomentar políticas de verdadeira participación no ámbito cultural, deportivo, de lecer, etc....

Sen entrarmos nas razóns que motivaron o feito de que ata hoxe non se chegase a instrumentar o mecanismo para facer víabel esta iniciativa; o tempo e os feitos viñeron a demostrar que a concreción dunha proposta -chámense **Consellos** ou **Padroados Municipais**- que viabilice a necesaria relación entre o movemento asociativo e a institución municipal a que nos temos referido é, máis que posíbel necesaria.

Neste sentido, desde o Grupo Municipal do BNG propomos ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos

ACORDOS:

1) O Pleno do Concello de Ares acorda promover a creación dos Consellos Municipais/Padroados para fomentar a participación, coordinación e colaboración en materia de Cultura e Deportes entre as sociedades do término municipal e a institución municipal.

2) Para desenvolver este acordo e concretar os instrumentos e os regulamentos de funcionamento, o Concello promoverá unha Comisión de Traballo específica; con participación dos diversos Grupos Municipais e das entidades existentes no término municipal.

Interven o Sr.Rodríguez Doval, manifestando que tanto os que levamos certo tempo como os que non, coincidiremos coa idea de que un Concello con recurso limitados, e que ademáis posee un movemento Asociativo moi dinámico que as veces cubre en certa maneira as carencias que pode ter a propia Institución para facer chegar determinados tipos de actos as mulleres e homes das parroquias, é importante que exista un nivel de cooperación e coordinación o máis amplo posible, nos non dubidamos pola práctica que ven facendo que esto xa está existindo, en calquera caso despois das eleccións municipais, non soamente porque este fora un dos obxectivos que tiñamos como grupo senón que era unha petición e unha demanda contrastada co conxunto do movemento asociativo, que era a creacción a regulación e instrumentación daqueles organos de participación real entre as propias entidades culturais e deportivas do Concello, e a propia institución municipal, máis ala da vontade que tiñamos de coordinardos coas entidades, nos pensamos que é bon e necesario instrumentos que lle den a eso unha seguridade incluso xurídica e que nos obriguen as dúas partes, nese sentido a proposta que traemos aquí e que o Concello acorde a creacción dos Consellos Municipais ou Padroados.

O Sr. Luis Cendán Fernández manifesta que é un tema que non é nada novo, esto xa ben da segunda ou terceira lexislatura do PSOE, que foi motivo de desacordo entre as dúas forzas gobernantes daquela, PSOE e BNG, se aprobou un Regulamento dos Consellos que practicamente nunca se puso en práctica, despois viu a lexislatura do BNG e creo lembrar que se convocara unha vez ou duas o Consello, e polo tanto creo que esto nunca máis funcionou, en coherencia a postura que adoptei sempre o meu voto vai a ser de abstención.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que eu creo que isto xa foi aprobado, a mín dame exactamente igual, o que queremos e que exista unha eficacia, estamos de acordo no fondo e o que queremos que isto funcione, a responsabilidade de levalo adiante é do goberno municipal.

A Sra. Fernández Coira, manifesta que é certo que hai un tempo tivemos unha reunión co Padroado de Cultura do Concello de Narón, para que nos explicaran como funcionaban, esta claro que o tema económico o vexo moi complicado pero tamén pola nosa parte existen gañas de traballar e levar, entre todos a bo porto todo este tema.

O Sr. Alcalde manifesta que a posición sería estar de acordo co punto núm. 1, e no punto 2, declinar este tema a Comisión Informativa de Cultura, co obxecto de centralizalo e non crear máis órganos.

Sometida a votación a Moción coa emenda antes descrita, o Concello Pleno por 11 votos a favor (5 PSOE, 4 P.P e 2 BNG) e 1 abastención (NAL) acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase se antes de pasar o punto de rogos e preguntas, algún Portavoz ten algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola vía de urxencia. Non presentándose ningunha.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Manuel Cendán Fernández, que o día das Alfombras que as rúas estaban perfectas, pero cando a xente se dirixiu hacia as praias estas estaban moi sucias, rogando que ante actos así polo menos quitarlles o máis gordo posto que damos unha imaxe patética, mandar o tractor para quitarlle o máis gordo pois damos unha mala imaxe, había que priorizalo que non volva a ocorrer.

O tema dos cortes dos camiños, hai que empezar a cortar posto que están casi pechados.

E o tema dos baches, que parece ser que vai a vir bo tempo a partires da semana, haber se somos capaces de amañar tan siquiera os máis gordos.

O Sr. Luis Cendán Fernández, pregunta en primeiro lugar, sobre o tema da EDAR, se sabe algo, se se avanzou algo o respecto. E despois hai outro tema en relación cas notas de prensa deste días en relación coas baterías, hai un tema importante que é tema do Parque Eólico, que un dos requisitos é o tema da propiedade, este é un tema importante a ter en conta nas negociacións.

Resposta o Sr. Alcalde, que como das alfombras, os baches e as praias, dicir que houbo que axudar á xente, soamente temos a catro operarios temos a dous de baixa; bimbres tamén quería empezar unha actividade deportiva, e era imposible, con catro

persoas e imposible, traballan mañá e tarde, estamos a pagar horas extras, están facendo o Plan de Tráfico, e a verdade é que non se dá abasto, o tempo tampouco axudou, e nos próximos días comencarán dos desbroces, os baches algúns se poderán facer, pero por exemplo o camiño do cemiterio está totalmente destruído, e vale uns vinte e cinco millóns de pesetas amañalo polo que terá que ir a un POS, e en Cervas tamén hai unha situación con dous tramos que están bastante mal.

Con respecto ó da EDAR dicir que xa hai avances, e me imaxino que proximamente o levaremos a unha Comisión, o que aquí se pediu baixar os famosos 12 metros e seguir na liña do camiño no máximo posible, e con eses criterios o Enxeñeiro viu a facer o traballo e campo, e so quedaría a identificación dos propietarios co obxecto de enviarlle a carta como aprobamos na Moción.

Respecto o Parque Eólico, dicir que co convenio que vamos a asinar con defensa, vai a ser un convenio Marco e aparte de incluírse o tema do Monasterio de Santa Catalina, se van a incluír os viais, porque é moito máis fácil para o Concello conseguir recurso para amañalos que para o propio Ministerio de Defensa que tamén miles de camiños como eses en toda España, e unha plancha de solo onde se fixeron as medicións para o Parque Eólico, o convenio se foi enriquecendo durante dous ou tres meses, pasamos por unhas Eleccións Xerais co conseguinte cambio de Ministro, pero o Director Xeral de Infraestructuras segue sendo o mesmo e no está a axudar nas negociacións o Ministro de Cultural que está actuando de intermediario.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas e trinta minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,